

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión I**, relativa ás condicións materiais de traballo nos xulgados de Compostela.

A bíblica maldición que recolle o Xénese, III, 19, relativa a gañar o pan co suor da fronte, divisa baixo a que permanece a última postmodernidade capitalista, adquire literalidade na situación que padecen as traballadoras e traballadores dos xulgados da capital galega, onde soportan elevadas temperaturas, incluso superiores aos 30º C.

Semellantes temperaturas non deixan de resultar nocivas para o desempeño profesional das tarefas encomendadas e non teñen outra explicación que ben o desleixo ou os recortes economicistas dun goberno servo da troika.

O decreto 486/1997 sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, establece no seu anexo terceiro o seguinte:

“1 A exposición ás condicións ambientais dos lugares de traballo non debe supor un risco para a seguridade e a saúde dos traballadores.

2 Asimesmo, e na medida do posible, as condicións ambientais dos lugares de traballo non deben constituír unha fonte de incomodidade ou molestia para os traballadores. A tal efecto, deberán evitarse as temperaturas e as humidades extremas, os cambios bruscos de temperatura, as correntes de aire molestas, os cheiros desagradables, a irradiación excesiva e, en particular, a radiación solar a través de fiestras, luces ou tabiques acristalados.

3 Nos locais de traballo pechados onde se realicen traballos sedentarios propios de oficinas ou semellantes estará comprendido entre 17 e 27°C. A temperatura dos locais onde se realicen traballos lixeiros estará comprendida entre 14 e 25º C.

Este grupo parlamentar entende que o goberno Núñez Feijóo se afaste das arelas do dramaturgo xermano Gotthold Lessing cando reclamaba unha práctica preguizosa en todas as cuestións agás no amar e no beber, e das esixencias emancipadoras que delinea Lafargue no seu “O dereito á preguiza”, pero esixe que as condicións materiais nas que o persoal público desenvolva o seu quefacer sexan as propias dun Estado respectuoso coa lexislación que protexe os dereitos e saúde da clase traballadora. A Xunta non pode vulnerar a directiva europea relativa ás disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo , e polo tanto terá que subsanar o máis rápido posible as deficiencias denunciadas.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- A que se debe a situación dos xulgados de Compostela sometidos a temperaturas contrarias á normativa laboral?
- Por que a Xunta non ten subsanado esa deficiencia?
- Vai garantir a Xunta de Galicia a subsanación, con carácter urxente, das condicións materiais de traballo, nomeadamente as que se refiren ás temperaturas extremas, nos xulgados de Compostela?

En Compostela, a 23 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/07/2015 14:14:04